CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoitar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal.		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e conservando o medio que nos rodea.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Adoitar decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto a nivel individual como grupal.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emplear a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e conservando o medio que nos rodea.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emplear a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de prevención de lesións e coidar e conservar o material utilizado.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Emplear a motricidade para adquirir un progresivo dominio corporal.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver prácticas motrices con seguridade, evitando riscos e conservando o medio que nos rodea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.</li> <li>- Toma de decisións:</li> </ul>

## Contidos

- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Esquema corporal:
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Consciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada ten en consideración os seguintes principios metodolóxicos:

- Flexible: permitindo axustar as propostas ao ritmo de cada alumno/a.
- Activa: de forma que o alumnado sexa o protagonista da súa propia acción.
- Participativa: favorecerá o traballo en equipo, o compañeirismo e a cooperación.

- Indutiva: debe favorecer a autoaprendizaxe, de maneira que o alumnado sexa capaz de resolver formulacións motoras e organizar o seu propio traballo.

- Lúdica: buscando aprendizaxes divertidas, para iso utilizaremos o xogo.-

- Creativa: potenciando a imaxinación do alumnado e evitando modelos repetitivos.

En canto aos métodos ou estilos de ensino, sinalar que utilizaremos os máis axeitados para cada situación; tendo en conta as características do alumnado, instalacións, materiais, obxectivos e contidos.

Podemos destacar os seguintes:

- Mando directo: o docente presenta un problema motor e proporciona ao alumno/a información directa sobre a solución, demostrando como debe ser a execución.

- Asignación de tarefas: o docente determina e asigna ao alumnado as tarefas que deben realizar. O alumnado responsabilízase do seu traballo e comeza a realizalo baixo a súa propia vontade, provocando unha conduta automotivada do alumnado.

- Descubrimento guiado: o docente propón unha tarefa mediante unha pregunta que provoque unha disonancia cognitiva, para que o alumnado mediante investigación e indagación chegue a descubrir a solución. O mestre actuará como guía pero nunca dará a resposta. Cada pregunta fundaméntase na anterior.

- Resolución de problemas: o docente propón varios problemas motores mediante preguntas, provocando unha disonancia cognitiva ao igual que no estilo anterior, pero agora o alumnado mediante experimentación e indagación de posibles respostas ou solucións elix a descubra por se só a máis axeitada.

- Creatividade ou método de libre exploración: Consiste en que o alumnado trate de buscar libremente novas experiencias motoras en base a un material, instalación ou un contido. O alumnado é o grande protagonista do proceso de ensino aprendizaxe.

Por outra parte, recordar que calquera actividade motora ao longo de todo o seu desenvolvemento progresivo, poderá abordarse cun ou varios métodos de ensino.

Ademais utilizaremos o xogo como recurso metodolóxico, xa que contribúe á consecución de aprendizaxes significativas, naturais, creativas, coeducativas, adaptativas, integrais. Ademais, permítenos traballar case calquera tipo de contido e sempre con garantías de éxito. Ten un indiscutible valor educativo, imprescindible para un correcto desenvolvemento físico, psíquico, social, afectivo, simbólico e moral.

Realizaremos explicacións breves, claras e sinxelas colocándonos nun lugar visible, creando un clima de atención e con demostracións se é necesario.

Ningunha clase é homoxénea en canto a características persoais, motivacións, nivel de capacidades, condición físico-motora, ritmo de aprendizaxe... Polo tanto intentaremos en todo momento formular sesións de forma que os alumnos/a poidan autorregular e dosificar o seu esforzo, ensinándoos a iso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CLASIFICACIÓN MATERIAL E RECURSOS:
As instalacións coas que conto no centro son: unha pista polideportiva exterior descuberta e un ximnasio cuberto. Tamén, se aproveitarán os espazos naturais que hai ao carón do centro ( paseo fluvial do río Anllóns, o parque do Anllóns e a explanada que hai na parte traseira do colexio) para desenvolver algunhas unidades didácticas, actividades na natureza ,etc...

Pequeno material: Aros, pelotas, balóns brandos, picas, cordas, conos, pelotas escuma, petos, , corda longa, ladrillos, pelotas de tenis, balóns de balonmán, balóns de voleibol, balóns de baloncesto, etc...

Material Alternativo: Discos voadores, sticks de floorball, balón de rugby, bates de béisbol, indiakas, etc...

Material funxible, Aula virtua ,abalarMóbil. Páxina web do centro, Webex , Correo electrónico, libros interactivos . Apps educativas, Fichas de repaso interactivas (que non necesitan impresión) dos conceptos aprendidos. Recursos web (actividades interactivas) para a interiorización dos conceptos traballados. Recursos multimedia (vídeos, cancións, gravacións,..) para complementar o aprendido ou achegar explicacións.

Ximnásticos/deportivos: Porterías, minipoterías, redes canastras, espaldeiras, valo, bancos suecos, plinto, poldro, cabalo, colchóns variados, barra deequilibrios.

O material que posuímos é suficiente en número para o desenvolvemento das sesións e coas medidas de seguridade suficientes. Contamos cunha pista polideportiva ao aire libre, ximnasio(ben equipado).

Así, debe prevalecer o material polivalente (aros, cordas, bancos,....), outros de uso habitual (pelotas, picas). Tamén algo específico para deportes xogados e alternativos (discos, balóns, indiacas.....), outro diverso que se poden construír a partir de materiais de refugallo (botes, tacos, panos,....) e sacar o máximo partido posible ao seu uso. Podemos sinalar o material audiovisual e de novas tecnoloxías para ritmo, baile, deportes...

Debemos manter unhas normas xerais de seguridade e hixiene a partir da organización da clase. Así, establécense normas para uso do material e instalacións que eviten accidentes, perdas de material e facer bo uso dos mesmos.

Tamén debemos procurar o uso prendas adecuadas para a actividade física, acompañada de hábitos de aseo (lavado mínimo, cambio de camiseta,...)

Debo sinalar como recursos diversos o uso de rexistros de datos (marcas, tempos, distancias) apoiados por fichas de seguimento e autocontrol, (indicadas na avaliación), e outros de apoio con cronómetro, táboas de baremos, rexistros de probas.

Como recurso indispensable temos que indicar o recurso humano, onde nos apoiamos no propio alumno, posibilitando a creatividade.

Outro recurso que se tenta levar a cabo na medida das posibilidades, é a colaboración con: alumnos- profesores-ciclo-claustro-Ampa-Consello Escolar-Centro de profesores.

Os cales nos facilitan intercambios, compras e mantemento do material

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial na primeira sesión, que terá como obxectivo coñecer o nivel en que se atopan os alumnos/as.

- Realizaremos unha serie de preguntas relacionadas cos contidos a traballar na unidade didáctica correspondente a todo o

grupo-clase, podendo responder todo aquel alumno que o desexe respectando sempre o turno de palabra.

- Noutras ocasións entregaráselles ao alumnado un cuestionario con preguntas relativas os contidos que se traballarán na correspondente unidade didáctica.

- Os/as alumnos/as realizarán determinadas tarefas motrices iniciais (como proba) relacionadas cos contidos que se traballarán na correspondente unidade didáctica.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>2</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas que se repartirán nesas tres avaliacións. Os resultados da avaliación expresaranse numericamente do 1 ao 10, e por debaixo do 5 non se superan os obxectivos. A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, diagnóstica e formativa, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas; valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.

1. Supervisión do queceamento.
2. Observación directa das actividades a realizar diariamente con anotacións dos progresos adquiridos.
3. Control do material: roupa axeitada, zapatillas, toalla e xabón.
4. Grado de esforzo en cada sesión.
5. Progresión axeitada dos descritores das correspondentes Competencias Básicas.
6. Valoración positiva en comportamento.
7. Valoración positiva na resolución de conflitos e a axuda aos compañeiros e compañeiras.
8. Se algún alumno/a, por motivos de saúde, ten que pasar un tempo considerable sin realizar actividade física, sustituiríase a práctica por un traballo teórico.

Os alumnos/as exentos da materia de educación física, deberán presentar un certificado médico oficial, no que conste se a exención é total ou parcial. Neste último caso, deberá constar no certificado, os exercicios que o alumno/a pode facer e os que non pode realizar.

Estar exento quere dicir, que non realizarán a parte práctica das clases de educación física, pero deben estar presentes na clase.

Os alumnos exentos da materia en cada avaliación, terán que presentar un traballo monográfico sobre temas que se traten na materia. Ademais se se cre necesario, poderáselles realizar unha proba teórica, oral ou escrita, sobre os contidos do traballo e o desenvolvemento das sesións.

Sobre as faltas xustificadas, as non xustificadas e as faltas de puntualidade, haberá que ter en conta o seguinte:

- As faltas senxustificar e as faltas de puntualidade, implicarán unha baixada na calificación final de cada avaliación.
- Máis de 4 faltas xustificadas por enfermidade ou lesión, suporán a exención da parte que non viu nesa avaliación e a realización dunha proba teórica ou dun traballo sobre os contidos da asignatura para poder calificar ao alumno/a.
- Os xustificantes débense traer na axenda escolar, asinados polos pais ou titor do alumno/a. Sempre que sexa por enfermidade deben ir acompañados dun xustificante médico. Se a enfermidade ou lesión do alumno/a vai impedir que realice as clases durante máis dun mes, deberase traer un certificado médico oficial.

- OS XUSTIFICANTES ENTREGARANSE AO MESTRE DE EDUCACIÓN FÍSICA.

8. Para valorar as CCBB, atenderase a seguinte clasificación: INSUFICIENTE (1-4); SUFICIENTE (5); BEN(6); NOTABLE (7-8); SOBRESAÍNTE(9-10).

Para recuperar avaliacións suspensas, ao ser unha valoración continua do traballo, poderá superalas co aprobado nas sucesivas avaliacións e demostrando un cambio positivo nos aspectos avaliábeis.

10. A valoración final será a seguinte

ACTITUDE APTITUDE HÁBITOS HIXIENE ASISTENCIA ÁS CLASES

40% 40% 10% 10%

Cada falta grave de comportamento restará un punto na nota final do trimestre no que se cometeu. Máis de cinco faltas graves de comportamento poden supoñer unha cualificación de insuficiente, anulando as porcentaxes de avaliación indicadas anteriormente.

Entenderase como grave:

Os actos graves de indisciplina, inxurias, ofensas, agresións físicas, ameazas reiteradas, vexacións ou humillacións tanto aos/ás compañeiros/as como ao mestre, o deterioro intencionado das súas pertenzas e os actos que atenten gravemente contra a súa integridade persoal.

### **Criterios de recuperación:**

Os alumnos/as que non superen os criterios mínimos, terán a posibilidade de repetir a proba práctica ea realización dun traballo sobre a materia en cuestión. Será unha avaliación continua para recuperar as avaliacións anteriores.

Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Diferenciamos dúas modalidades de atención: unha atención xeral e a atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

En canto á atención xeral, como norma, acomodaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e/ou de cooperación familiar.

A intervención co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, planificarase en colaboración co Departamento de Orientación, tanto dende o punto de vista curricular coma organizativo. Estará fundamentado nos informes psicopedagóxicos, a avaliación inicial e información recollida polo profesorado. A adopción de medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario serán comunicadas ás familias e a xefatura de estudos.

\*Medidas ordinarias:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia c motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

-Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás

características do alumnado.

-Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de recuperación.

**\* Medidas extraordinarias:**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades

educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X							
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X							
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental								
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora							X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita							X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental							X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Xogos de Magosto			
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			
Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.			
CAMPO A TRAVÉS	Fase Local, Intercomarcal e Provincial.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Torneo de Baloncesto 3x3	Torneo que se desenvolve nos recreos.			
Aprende a través del Surfing	Actividade teórica e práctica na praia de Razo			
Torneo de Bádminton	Recreos activos			
Carreira pola Lingua	Commemoración das Letras Galegas			
Rutas saudables contorna río Anllóns	Fomento de hábitos saudables			

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase as características do grupo.
A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a. Tiveronse en conta aprendizaxes significativas. Considerase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.)..
Grao de seguimento dos alumnos. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Os criterios para unha avaliación positiva atopanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados a tipoloxía de actividades planificadas. Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación deñéronse a coñecer aos alumnos/as., ás familias.
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. Ofreceuse resposta a as diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Interdisciplinabilidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

### **Descrición:**

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

1. Preparación da clase e dos materiais didácticos.
2. Utilización dunha metodoloxía axeitada.
3. Regulación da práctica docente.
4. Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
5. Utilización de medidas para a atención á diversidade.

A reflexión da propia práctica docente axudará a mellorar aspectos do proceso de ensino aprendizaxe co obxectivo de que este se adapte o mellor posible ás necesidades do alumnado.

O seguintes puntos poderían ser unha alternativa para a avaliación da minúa práctica docente:

1. Os obxectivos son os axeitados?
2. Os contidos son axeitados?
3. Os estándares de aprendizaxe son axeitados?
4. Os criterios de avaliación son axeitados?
5. As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron satisfactorias?
- 6- A secuenciación dos elementos anteriores é coherente ?
- 7- A metodoloxía empregada axuda a que os alumnos/as acaden as competencias?
8. Os tempos asignados a cada actividade foron os axeitados e adaptáronse ás características dos nenos/as?

9. O desenvolvemento das clases favorece que os nenos e as nenas aprendan a convivir?
10. As medidas de atención á diversidade aplicadas foron efectivas?
11. A programación foi efectiva?
12. Os recursos da aula son suficientes?
13. O aproveitamento dos recursos do centro foi útil?
14. Os instrumentos de avaliación son adecuados? 16. A relación mestre - alumnado foi boa?
15. A organización espacial da aula facilita a marcha das clases?
16. A coordinación e comunicación cos mestres/as foi boa

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os mestres que imparte esta área.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización.
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
  - Unha modificación da metodoloxía empregada.
  - Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
  - Modificacións na temporalización.
  - Desenho de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os indicadores establecidos no apartado anterior.

## 9. Outros apartados